



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE SETE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Carlos López López
D^a. Iria Castro Fernández

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **sete de febreiro de dous mil vinte e cinco**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	1/48



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRINTA E UN DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta e un de xaneiro de dous mil vinte e cinco que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AUDITORÍA EXTERNA-CONTROLADOR DE PRIMEIRO NIVEL DO PROXECTO INTERREG POCTEP: PROXECTO 0297_AGROSOCIAL_6_E.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:


“Vista a acta da mesa de contratación do día 31 de xaneiro de 2025, na que se recolle o seguinte:

“*Antecedentes:*

1. Providencia de inicio e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7V47KYGEMSUWUS5X4SLY3F54.
2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7V47JK2DRL7CXISRUEI4QQA.
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7V47ICFZH2LP42A47SOUYHMM.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7V4GTMPLR22SU4A55QGN7BIQ.
5. Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7V4GT2CAPOQTZ7UXVH6X7GGM.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7V4KK2JBG675FPCXVRIURVF4.
7. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7V4K2LDFP7L7UYDQNHKJ7GEY.
8. Acordo da Xunta de Goberno do 20 de decembro de 2024, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7V5XCOZQZRXXJUFAGUHW4Y.
9. Anuncio de licitación, publicado na plataforma de contratación do sector público o día 20 de decembro de 2024.
10. Acta da Mesa de Contratación do 16 de xaneiro de 2025, con CSV: IV7V27RJPAAUM35H66NUUAM2SI4.

“Segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento son os seguintes:

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	2/48





Licitadores:

BM Neira Auditores SLP.
DF Economistas Auditors SL.
Eudita Cuspide Auditores SL.
Gestion 5 Auditores SLP.
Horizonte Auditores SLP.
IN Audit Grupo Auditor Consultor SLP.

A documentación administrativa presentada polas empresas é correcta tanto en forma coma en prazo polo que a Mesa de contratación acorda admitir as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procédese ao exame do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas), coas seguintes ofertas presentadas polas licitadoras:

BM Neira Auditores SLP.

3. Oferta un prezo unitario por verificación/auditoría de: 465,00 € máis 97,65 € en concepto de IVE (21%) o que fai un total de 562,65 €. (944,94 € + IVE prezo máximo verificación/auditoría).

4. Oferta unha redución do prazo de entrega dos documentos de verificación/auditoría de 15 días hábiles (é dicir realizárase a entrega dos documentos de verificación en 5 días hábiles). Sendo o máximo 20 días hábiles.

DF Economistas Auditors SL.

3. Oferta un prezo unitario por verificación/auditoría de: 595,00 € máis 124,95 € en concepto de IVE (21%) o que fai un total de 719,95 €. (944,94 € + IVE prezo máximo verificación/auditoría).

4. Oferta unha redución do prazo de entrega dos documentos de verificación/auditoría de 10 (días hábiles). Sendo o máximo 20 días hábiles.

Eudita Cuspide Auditores SL.

3. Oferta un prezo unitario por verificación/auditoría de: 437 € máis 91,77 € en concepto de IVE (21%) o que fai un total de 528,77.€. (944,94 € + IVE prezo máximo verificación/auditoría).

4. Oferta unha redución do prazo de entrega dos documentos de verificación/auditoría de 18 (días hábiles). Sendo o máximo 20 días hábiles.

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	3/48



Gestion 5 Auditores SLP.

- Oferta un precio unitario por verificación/auditoría de: 420,00 € más 88,20 € en concepto de IVA (21%) lo que hace un total de 508,20 €. (944,94 € + IVA precio máximo verificación/auditoría).
- Oferta una reducción del plazo de entrega de los documentos de verificación/auditoría de 15 (días hábiles). Siendo el máximo 20 días hábiles.

Horizonte Auditores SLP.

- Oferta un prezo unitario por verificación/auditoría de: setecentos dez euros (710,00 €) máis cento corenta e nove euros con dez céntimos (149,10 €) en concepto de IVE (21%) o que fai un total de oitocentos cincuenta e nove euros con dez céntimos (859,10 €). (944,94 € + IVE prezo máximo verificación/auditoría).
- Oferta unha redución do prazo de entrega dos documentos de verificación/auditoría de 20 días (días hábiles). Sendo o máximo 20 días hábiles.

IN Audit Grupo Auditor Consultor SLP.

- Oferta un prezo unitario por verificación/auditoría de: 661,15 € máis 138,84 € en concepto de IVE (21%) o que fai un total de 799,99€. (944,94 € + IVE prezo máximo verificación/auditoría).
- Oferta unha redución do prazo de entrega dos documentos de verificación/auditoría de 5 días hábiles (días hábiles). Sendo o máximo 20 días hábiles.

A Mesa de contratación, por unanimidade, acorda dar conta das valoracións e propoñer ao mellor valorado nunha mesa posterior.

A Mesa de contratación faculta ao Servizo de Contratación para recabar todos os informes, certificados e bastanteos que sexan necesarios para a adxudicación.

A Presidenta levanta a sesión ás 11:51 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da mesa, Certifico.”


11. Acta da Mesa de Contratación do 22 de xaneiro de 2025, con CSV: IV7V2HCYFB60JDGD4N750JDXAU, na que se recolle o seguinte:

“Comeza a sesión lembrando as ofertas realizadas polos polos licitadores:

LICITADORES	OFERTA PREZO UNITARIO POR VERIFICACIÓN (sen IVE)	REDUCCIÓN PRAZO ENTREGA
BM NEIRA AUDITORES SLP	465,00 €	15
DF ECONOMISTAS AUDITORS SL	595,00 €	10
EUDITA CUSPIDE AUDITORES SL	437,00 €	18
GESTION 5 AUDITORES SLP	420,00 €	15
HORIZONTE AUDITORES SLP	710,00 €	20
IN AUDIT GRUPO AUDITOR CONSULTOR SLP	661,15 €	5

Polos membros da mesa procédese á valoración dos criterios avaliados automaticamente, co seguinte resultado:


	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	4/48





LICITADORES	PUNTUACIÓN OFERTA PREZO UNITARIO	PUNTUACIÓN PRAZO ENTREGA	PUNTUACIÓN TOTAL
BM NEIRA AUDITORES SLP	81,29	4	85,29
DF ECONOMISTAS AUDITORES SL	63,53	2	65,53
EUDITA CUSPIDE AUDITORES SL	86,5	10	96,5
GESTION 5 AUDITORES SLP	90	4	94
HORIZONTE AUDITORES SLP	53,24	-	-
IN AUDIT GRUPO AUDITOR CONSULTOR SLP	57,17	1,33	58,5

Atendendo ao recollido no apartado K. Criterios de adjudicación do cadro resumo do PCAP e ao prazo máximo de entrega dos traballos de verificación de 20 días hábiles recollido no PPT apartado 5. Responsabilidad del controlador en la verificación de gastos, a redución de prazo ofertada polo licitador Horizonte Auditores SLP comporta un erro manifesto que a fai que a oferta sexa inviable. Polo tanto, e en base ao regulado no artigo 84 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre, por el que se aprueba el Reglamento general de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, a mesa de contratación acorda propoñer ao órgano de contratación excluír a oferta presentada por Horizonte Auditores SLP, por resultar de imposible cumprimento.



A continuación, realízase o cálculo para identificar a existencia de posibles baixas desproporcionadas ou anormais, en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, co resultado de que ningún licitador está incurso en baixas desproporcionadas ou anormais.

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	5/48



Conforme á cláusula 17.2 do PCAP, no caso de que sexa precisa documentación adicional á existente nos rexistros públicos, que complemente á información extraída da consulta do Rexistro de Licitadores, de cara a verificar a capacidade para contratar, aplicarase o previsto nos artigos 65 a 73 da LCSP. A estes efectos, e para complementar, unicamente, a información reportada por algún dos Rexistros de Licitadores de referencia por existir algunha dúbida, a Mesa de Contratación poderá requirir (no prazo de sete días hábiles previsto no artigo 159.4 da LCSP) dita documentación.

Informouse aos membros da mesa que se obtivo por parte do Servizo de Contratación certificado de inscrición no ROLECE no que consta NIF, DNI do administrador único e obxecto social, certificados de alta en IAE, da Axencia Tributaria, da Seguridade Social e do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo.

A maiores desta documentación e segundo se especifica na letra K. (documentación a maiores da esixida na cláusula 17) do cadro resumo do PCAP deberá aportar no prazo de sete días hábiles:

Declaración responsable de dispoñer de todos os equipos e o material funxible e informático, así como de persoal suficiente para o desenvolvemento dos servizos descritos.

Rexistro ROAC do/a auditor/a adscrito ao contrato.

Visto o que antecede, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade:

1.- Excluir a proposta presentada pola empresa Horizonte Auditores SLP, por resultar de imposible cumprimento.

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite cualificado non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procede interpoñer – con carácter potestativo-recurso de reposición ante esta Deputación Provincial no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ó da recepción desta notificación (artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da recepción desta notificación (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa).

2.- Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación

Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	EUDITA CUSPIDE AUDITORES SL	96,5
2	GESTION 5 AUDITORES SLP	94
3	BM NEIRA AUDITORES SLP	85,29
4	DF ECONOMISTAS AUDITORS SL	65,53
5	IN AUDIT GRUPO AUDITOR CONSULTOR SLP	58,5

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	6/48





3.- Requirir á empresa Eudita Cuspide Auditores SL para que, no prazo de sete días hábiles, achegue a documentación a maiores esixida segundo se especifica na letra K. (documentación a maiores da esixida na cláusula 17) do cadro resumo do PCAP:

Declaración responsable de dispoñer de todos os equipos e o material funxible e informático, así como de persoal suficiente para o desenvolvemento dos servizos descritos e que deberá ser coherente co prazo de entrega de 2 días hábiles resultado de ofertar unha redución no prazo de entrega de 18 días hábiles.

Registro ROAC do/a auditor/a adscrito ao contrato.

Significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Contra o presente acto, por tratarse de un acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.


A Mesa de contratación faculta ao Servizo de Contratación para recabar todos os informes, certificados e bastanteos que sexan necesarios para a adxudicación.”

Reunida a Mesa de Contratación no día de hoxe, 31 de xaneiro de 2025, en primeiro lugar aclárase aos asistentes que a análise MINERVA é un procedemento para avaliar o risco de conflito de interese na adxudicación de contratos e concesión de subvencións dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR). É dicir contratos financiados con cargo a estas axudas, polo que non procedería neste contrato.

A continuación dase conta de que a empresa Eudita Cuspide Auditores SL presentou en prazo e correcta a documentación requirida e esixida na letra K. do cadro resumo do PCAP segundo as especificacións descritas na notificación efectuada a ésta e que constan na acta da mesa anterior.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	7/48



Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Excluír a proposta presentada pola empresa Horizonte Auditores SLP, por resultar de imposible cumprimento.

Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	EUDITA CUSPIDE AUDITORES SL	96,5
2	GESTION 5 AUDITORES SLP	94
3	BM NEIRA AUDITORES SLP	85,29
4	DF ECONOMISTAS AUDITORS SL	65,53
5	IN AUDIT GRUPO AUDITOR CONSULTOR SLP	58,5

Adxudicar á empresa Eudita Cuspide Auditores SL a contratación do servizo de auditoría externa-controlador de primeiro nivel do proxecto INTERREG POCTEP: Proxecto 0297_AGROSOCIAL_6_E., expediente 2024/CON_02/000084, polo importe máximo de 3.779,79 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 793,75 €, o que fai un total de 4.573,54 €, cun prezo unitario por verificación/auditoría de 437,00 € máis 91,77 € en concepto de IVE (21%) o que fai un total de 528,77 €, co compromiso dunha redución do prazo de entrega dos documentos de verificación/auditoría de 18 días hábiles o que se traduce nun prazo de entrega de 2 días hábiles.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao Servizo de Intervención para que proceda á fiscalización previa á adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:


1º.- Excluír a proposta presentada pola empresa Horizonte Auditores SLP, por resultar de imposible cumprimento.

2º.- Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación

Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	EUDITA CUSPIDE AUDITORES SL	96,5
2	GESTION 5 AUDITORES SLP	94
3	BM NEIRA AUDITORES SLP	85,29
4	DF ECONOMISTAS AUDITORS SL	65,53
5	IN AUDIT GRUPO AUDITOR CONSULTOR SLP	58,5

3º.- Adxudicar á empresa Eudita Cuspide Auditores SL a contratación do servizo de auditoría externa-controlador de primeiro nivel do proxecto INTERREG POCTEP: Proxecto 0297_AGROSOCIAL_6_E., expediente 2024/CON_02/000084, polo importe máximo de 3.779,79 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 793,75 €, o que fai un total de 4.573,54 €, cun prezo unitario por verificación/auditoría de 437,00 € máis 91,77 €

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	8/48





en concepto de IVE (21%) o que fai un total de 528,77 €, co compromiso dunha redución do prazo de entrega dos documentos de verificación/auditoria de 18 días hábiles o que se traduce nun prazo de entrega de 2 días hábiles.

O prazo de duración do contrato esténdese dende a formalización do contrato - ou documento de aceptación da resolución de adxudicación por parte do contratista- ata o 30 de xuño de 2026. O prazo de entrega será de dous días hábiles.

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

5º.- Instar á formalización do contrato, que se efectuará pola firma da aceptación polo contratista da resolución de adxudicación, conforme ao previsto no artigo 159.6 letra g) da LCSP.

6º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos-perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- INCOACIÓN DO PROCEDEMENTO DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO PARA A ADQUISICIÓN DUN SEMIRREMOLQUE NOVO, TIPO GÓNDOLA (ASFALTERA) PARA O PARQUE MÓBIL DA DEPUTACIÓN DE LUGO, ADXUDICADO Á ENTIDADE FRUEHAUF RECAMBIOS, S.L.


Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Constan como antecedentes inmediatos, para os efectos da emisión do presente informe, ademais do expediente administrativo, os seguintes feitos e documentos:

Con data do 17 de xaneiro de 2024, formalizouse o contrato administrativo para a adquisición dun semirremolque novo, tipo góndola (asfaltera) para o Parque móbil da Deputación de Lugo coa entidade Fruehauf Recambios, S.L.

O contrato, na súa cláusula segunda, sinala: “O importe da adxudicación é de 62.626 euros, aos que se aplicará un IVE do 21% (13.151,46 €), o que fai un total de 75.777,46 €, cun prazo de entrega de 1 día natural contado a partir da formalización do contrato.”

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	9/48



Consta informe do xefe do Parque Móbil con CSV: IV7V2HH4NYZMLXNDWVUDON7BH4, no que sinala:

En relación co expediente 2024/CON_02/000061 “Adquisición dun semirremolque tipo góndola (asfalteira) para o Parque Móbil da Deputación Provincial de Lugo”, desde este servizo infórmase que a empresa adxudicataria, Fruehauf Recambios, S.L., asinou o contrato administrativo en data 17 de xaneiro de 2025, onde na cláusula segunda se indica como prazo de entrega 1 día natural. Transcorrido dito prazo e non tendo constancia do mencionado subministro, nin comunicación algunha por parte da empresa, estímase oportuna a resolución do contrato.

As condicións da adxudicación que derivan da oferta do adxudicatario e que constan no propio documento de formalización son as sinaladas na dita cláusula segunda.

Polo tanto, vistos os antecedentes, ponse de manifesto a frustración do contrato por causas imputables ao contratista, mediando o incumprimento da súa oferta e de obrigas esenciais intimamente relacionadas coa execución.

A cláusula 22 do PCAP, no seu apartado 2, recolle como condición especial con carácter de obriga esencial, para os efectos do disposto como causa de resolución no apartado 211.1.f) da LCSP, o cumprimento da oferta por parte do adxudicatario, o que ten especial relevancia na medida en que ditos aspectos da oferta actúan como criterios selectivos. A súa inobservancia ou a tolerancia na súa inobservancia desvirtuarían a finalidade da licitación e resultarían contrarias aos principios da contratación pública previstos no artigo 1 da LCSP.

Queda evidenciado que non se teñen satisfeito ditas obrigas ao incumprirse o reducido prazo de entrega do subministro comprometido polo adxudicatario (1 día natural contado a partir da formalización do contrato).


Visto o anterior, e segundo o informado polo servizo do Parque Móbil, ao non terse efectuado a entrega do subministro, estase a detectar unha vontade deliberada de incumprir o contrato por parte de Fruehauf Recambios, S.L., plenamente coñecedora do prazo e das condicións de entrega, xa que estas derivan tanto da súa propia oferta como das condicións establecidas na adxudicación e no contrato formalizado.

Fundamentos xurídicos.

A Lei de Contratos do Sector Público (LCSP) 9/2017, do 8 de novembro.
O Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas 1098/2001.
Os pregos de cláusulas administrativas e demais documentos con forza obrigacional incorporados ao expediente.

Considerando o anterior, compre realizar as seguintes:

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	10/48





Consideracións xurídicas.

I.- Sobre os antecedentes e a natureza xurídica da incidencia contractual derivada do estado de inexecución do contrato.

Como inicio das consideracións do presente, compre recordar que o ben a subministrar non foi entregado, frustrando así a finalidade e necesidade do mesmo, cuxa satisfacción motivou o inicio do expediente.

Debe indicarse, igualmente e con carácter xeral, que as obrigas das partes na contratación administrativa quedan reflectidas nos pregos, na oferta e na demais documentación preparatoria que o contratista aceptou, someténdose a elas desde o primeiro momento da licitación. Así o establece o artigo 139 da LCSP, cando sinala que:

“As proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen salvidade ou reserva algunha...”

Polo tanto, queda advertido o carácter vinculante do prego como lex contractus, cuxa interpretación non é dispoñible para o contratista. Ademais, as condicións previstas nas prescricións técnicas quedan actualizadas polas condicións ofertadas polo adxudicatario, que concorreu ao procedemento sen reservas e con plena liberdade para configurar a súa oferta.

De acordo co informado pola Xefatura do Parque Móbil, consta acreditado que o contratista non cumpriu as obrigas derivadas da súa oferta no que respecta á entrega no prazo estipulado. Isto evidencia unha vontade de non entregar o subministro, afectando unilateralmente o prazo de entrega comprometido e supoñendo así o incumprimento de obrigas contractuais esenciais mediante unha conduta omisiva que frustra a finalidade do contrato.


A falta de entrega do subministro nos termos comprometidos, especialmente en relación co incumprimento de aspectos avaliados como criterios de puntuación ofertados voluntariamente polo adxudicatario, recae na responsabilidade exclusiva do contratista.

A constatación do incumprimento dunha obriga esencial configura esta como causa de resolución do contrato. Consecuentemente, é deber desta Administración, na tutela do interese xeral ao que serve o contrato, tramitar este procedemento cando se detecte o incumprimento dun aspecto da oferta que resultou determinante para a adxudicación.

II.- Sobre as causas de resolución, a súa expresa previsión e as súas consecuencias.

Como consecuencia do anterior, e fronte á inobservancia de obrigas esenciais, sinala o prego:

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	11/48



“Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes obrigas:

“O rigoroso cumprimento das condicións ofertadas, particularmente aquelas que fosen determinantes para a adxudicación por ser criterio da mesma...”

Ditos artigos establecen:

Artigo 211.f): “Serán así mesmo causas de resolución do contrato o incumprimento das restantes obrigas esenciais, sempre que estas últimas fosen cualificadas como tales nos pregos...”

Artigo 202.3): “Os pregos poderán establecer penalidades, conforme ao previsto no apartado 1 do artigo 192, para o caso de incumprimento destas condicións especiais de execución, ou atribuírlles o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos sinalados na letra f) do artigo 211...”

Apreciase, na opinión deste informante, que o contratista incumpriu as súas obrigas esenciais, configurando así causas de resolución do contrato. Todo isto sen prexuízo da avaliación das alegacións do contratista e demais interesados, con pleno respecto ao principio de contradición, no caso de que estas poidan enervar a concorrencia de ditos incumprimentos.

A normativa contractual, á hora de avaliar a incidencia da resolución contractual, establece unha serie de consecuencias proporcionais á gravidade do incumprimento, especialmente cando este frustra o contrato. No caso que nos ocupa, correspondería aplicar á entidade Fruehauf Recambios, S.L., os seguintes efectos:


1. Perda, por incautación, da garantía constituída (Prego cláusula 25, art. 110.d) e 213.3 da LCSP).
2. Indemnización por danos e perdas no importe que exceda a garantía incautada, podendo incluír a diferenza entre o importe da adxudicación e o que finalmente resulte dunha nova adxudicación ao verse obrigada a Administración a licitar novamente o contrato (Prego cláusula 25, art. 213.3 da LCSP e art. 113 do RXCAP 1098/2001).
3. Posible declaración de prohibición para contratar, no ámbito territorial e coa extensión temporal en función da gravidade dos incumprimentos e do dano ao interese público finalmente acreditado (art. 19.1 do RXCAP).

III.- Sobre o procedemento a seguir.

De acordo co disposto no artigo 212.1 da LCSP 9/2017 e no artigo 109 do RCAP 1098/2001, cabe o inicio de oficio do expediente baixo os seguintes requisitos:

- a) Audiencia do contratista por prazo de dez días naturais.
- b) Audiencia, no mesmo prazo, do avalista ou asegurador, cando se propoña a incautación da garantía.
- c) Informe do Servizo Xurídico, trámite que se está a cumprir co presente documento, requirindo o preceptivo sometemento ao conforme da Secretaría, ou a emisión por esta do informe que estime procedente, sen prexuízo da fiscalización pola Intervención, cando proceda.
- d) Ditame do Consello Consultivo, no caso de formularse oposición por parte do contratista.

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	12/48





Tal e como sinala o precepto, todos os trámites e informes preceptivos nos expedientes de resolución dos contratos considéranse de urxencia e gozarán de preferencia para o seu despacho polo órgano correspondente.

IV.- Sobre o órgano competente.

De acordo co disposto no artigo 59 do Regulamento Orgánico Provincial, no seu apartado 12, corresponde á Xunta de Goberno, como órgano de contratación, a adopción do acordo de resolución contractual.

Respecto do eventual expediente indemnizatorio cando o importe exceda a garantía depositada, a competencia corresponderá á Presidencia, conforme ao inciso final do dito precepto do Regulamento Orgánico.

Tendo en conta os antecedentes, a normativa aplicable e os razoamentos xurídicos expresados no presente informe, propoño ao órgano de contratación a adopción do seguinte acordo:


1º.- Acordar o inicio do procedemento para a resolución do contrato administrativo de subministración para a adquisición dun semirremolque novo, tipo góndola (asfalteira), para o Parque Móbil da Deputación de Lugo, adxudicado á entidade Fruehauf Recambios, S.L., polas causas expresadas no presente documento. O incumprimento do prazo de entrega do subministro, imputable ao contratista, constitúe un incumprimento de obrigas esenciais, tal e como se establece no prego de cláusulas administrativas como causa de resolución contractual.

2º.- Dar trámite de audiencia a Fruehauf Recambios, S.L. e ao avalista da garantía definitiva prestada, polo prazo de dez días naturais, en atención á posible incautación da garantía depositada.

3º.- Unha vez finalizado o expediente de resolución, iniciar, se procede, a instrución dun expediente contradictorio para determinar a indemnización polos danos e prexuízos causados a esta Deputación. Así mesmo, valorar a posible declaración de prohibición para contratar, no caso de verificarse incumprimentos do prego e actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista.

4º.- Notificar ao contratista o acordo que se adopte, indicándolle que contra o acordo de iniciación da resolución contractual e os acordos derivados del, ao ter carácter de trámite, non cabe a interposición de recurso algún, sen prexuízo de que poida formular as alegacións que estime oportunas dentro do trámite conferido para tal efecto.

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	13/48



5º.- Dar traslado do presente acordo ao Parque Móbil, ao Servizo de Contratación e Fomento e á Intervención Provincial para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- DESISTIMIENTO DO PROCEDEMENTO DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO, EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO SEN OPCIÓN A COMPRA, DOS SISTEMAS DE IMPRESIÓN, COPIA E ESCANEADO DE TODA A DEPUTACIÓN DE LUGO E CENTROS VINCULADOS.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“*Antecedentes.*

Para os efectos da emisión do presente informe, constan como antecedentes inmediatos, ademais do expediente administrativo, os seguintes feitos e documentos:

O expediente administrativo, así como as actas referidas ás diferentes mesas de contratación celebradas ata chegar á adxudicación do contrato.

A presentación dun recurso fronte á adxudicación por parte de Bigo Soluciones Informáticas con CIF B27870146.

O informe da unidade xestora con CSV: IV7VELZPBBWIUTJY2RMBAL3XGE, no que considera preciso iniciar un novo procedemento deixando sen efecto o anterior consta informe proposta favorable o desistimento con CSV IV7VEL7KFZROL2USBW5WMX2TMQ do seguinte teor literal:

“

.....

Emítase este informe aos efectos de indicar o procedemento a seguir e o órgano competente para a adopción da dita decisión (si procede), así como os requisitos que implica a eventual decisión do desistimento.


Lexislación aplicable.

A lexislación aplicable é a Lei de Contratos do Sector Público (LCSP), artigo 152.

O órgano competente para a adopción do acordo que implica o desistimento do procedemento é o órgano de contratación, é dicir, a Xunta de Goberno, de acordo co disposto no Regulamento Orgánico.

O desistimento do procedemento de adxudicación regúlase no artigo 152 da LCSP, establecendo os requisitos para a adopción de dita decisión, que supón a finalización do expediente cando concorre unha infracción non emendable das normas de preparación ou das reguladoras do procedemento de adxudicación do contrato. Isto permite a iniciación inmediata dun novo procedemento de licitación.

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	14/48





O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares é “a lei do contrato”, xa que nel inclúense os pactos e condicións definidores dos dereitos e obrigas das partes do contrato ademais establece ab initio as regras de xogo que rexerán a selección do contratista en condicións de igualdade transparencia e libre concorrència.

Unha vez aprobado o PCAP polo órgano competente, todo o procedemento deberá axustarse ao seu contido, que deberá permanecer invariable com o garantía dos ditos principios.

No presente procedemento, tras realizar tódalas actuacións tendentes á selección da oferta economicamente máis vantaxosa, adxudicouse o contrato. Unha vez notificada a adxudicación, un dos licitadores interpuxo un recurso especial en materia de contratación, que foi remitido ao Tribunal de Recursos desta Deputación.

Dado que o licitador tamén remitiu o recurso ao órgano de contratación, solicitouse informe sobre o mesmo á unidade xestora que informou nos seguintes termos:


“Revisadas as fichas técnicas dos equipos de impresión, copia e escaneo aportados polos licitadores dentro do contrato 2024/CON_02/000054 para a contratación da subministración mediante arrendamento sen opción a compra dos equipos de impresión, copia e escaneo da Deputación de Lugo, obsérvase que cada marca e modelo segue diferentes criterios para medir o consumo enerxético do equipo, usando diferentes terminoloxías e medicións. Así, nos modelos de HP, en lugar do término “Consumo enerxético en reposo” a ficha técnica utiliza outros como son “consumo en suspensión” ou “consumo apagado encendido automático”, os modelos Cannon tampouco usan este termo de “en reposo” e nas especificacións técnicas das máquinas Konica tampouco queda claro o valor referido. Desta forma, un criterio que debería ser automático e obxectivo, está suxeito a interpretación polo que xa non se pode valorar de forma automática.

Visto o anterior consideramos que sería preciso anular o anterior procedemento de licitación e iniciar un novo expediente no que os criterios automáticos non den lugar a interpretación.”

Dos termos deste informe pódese inferir que resulta preciso desistir do procedemento co fin de garantir o cumprimento dos principios xerais da contratación previstos no artigo 1 da LCSP 9/2017.

Os meritados principios sentan as bases que permiten que a elección da oferta economicamente máis vantaxosa se faga segundo os criterios de selección

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	15/48



preestablecidos de conformidade co disposto no artigo 145.5 b) da LCSP. Polo tanto, cando estes criterios se configuran con carácter automático e aplicables mediante fórmulas, non poden estar suxeitos a interpretación algunha que faga depender a avaliación do xeito de expresar unha característica técnica por cada licitador sen poder tomar como referencia un termo de comparación idéntico e preestablecido entre as ofertas de tódolos licitadores.

Igualmente, compre recordar que tódalas proposicións foron abertas, polo que calquera interpretación tratando de homoxeneizar o criterio, desnatura o carácter automático do discutido criterio, ata facelo depender dun xuízo de valor de xeito sobrevido , reveladas as ofertas, o que resulta proscribido tal e como indica o artigo 146.2 da LCSP e novamente contrario ós principios de concorrencia transparencia e igualdade de trato .

Vistos todos os antecedentes, así como as alegacións que motivaron a emisión do informe polo servizo de novas tecnoloxías, pódese concluir que non procedería recálculo algún de puntuacións que alterase a clasificación con independencia de que manteña ó adxudicatario , ou determine tal condición para un licitador distinto, antes o contrario, vista a expresión variable diversa e dispar que se pode utilizar para a medición de consumos das maquinas, procede o desistimento como consecuencia dunha interpretación conxunta dos artigos 1, 145.5 b) e 146 .2 da LCSP.

Deste xeito, e dacordo co disposto no artigo 152.4 da LCSP, resulta axustado a dereito adoptar a decisión de desistir do procedemento, sen prexuízo da inmediata iniciación dun novo procedemento de licitación.

Tendo en conta o disposto no artigo 152, unha vez adoptado o acordo, procederase á súa notificación individualizada a tódolos licitadores.

Conclusión.


A xuízo de quen informa, en virtude do artigo 152 da LCSP, procede o desistimento do procedemento de licitación para o “subministro, en réxime de arrendamento sen opción a compra, dos sistemas de impresión, copia e escaneo de toda a Deputación de Lugo e centros vinculados”, toda vez que se pode verificar a concorrencia da situación descrita no artigo 152.4.

Polo tanto, formulase a seguinte proposta:

Primeiro.- Acordar o desistimento do procedemento de licitación para o “subministro, en réxime de arrendamento sen opción a compra, dos sistemas de impresión, copia e escaneo de toda a Deputación de Lugo e centros vinculados”.

Segundo.- Notificar o presente acordo a todos os interesados e dar traslado ao Servizo de Novas Tecnoloxías e á Intervención Provincial, procedendo á publicación no perfil do contratante sito na plataforma de contratos do Sector Público.

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	16/48





Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Deputación de Lugo.”

Consta fiscalización favorable da Intervención provincial.

Considerando o anterior propoño a Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Acordar o desistimento do procedemento de licitación para o “subministro, en réxime de arrendamento sen opción a compra, dos sistemas de impresión, copia e escaneo de toda a Deputación de Lugo e centros vinculados”.

2º.- Notificar o presente acordo a todos os interesados e dar traslado ao Servizo de Novas Tecnoloxías e á Intervención Provincial, procedendo á publicación no perfil do contratante sito na plataforma de contratos do Sector Público.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

1º.- Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: BALEIRA.- Rehabilitación de firme regos con gravilla por tramos LU-P-0401, LU-P-0405, LU-P-0407, LU-P-0408 e LU-P-0409.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: BALEIRA.- Rehabilitación de firme regos con gravilla por tramos LU-P-0401, LU-P-0405, LU-P-0407, LU-P-0408 e LU-P-0409, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada, redactada por D. Héctor Diéguez Aranda.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7V2OS3ZVXLJXWCCZGN7ZJ664.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7V2OS6YBPOLKU46IFUF37F7Y.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7V2OSZLEEJTCVK4JWB633HIY.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7V3X3SZLU0700JYVX4KQKCJ4.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7VEHXIPD65J3PT5UOEOFQF6Q.

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	17/48



7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7VEHXDFIW67PN77R5FOZCCKM.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: BALEIRA.- Rehabilitación de firme regos con gravilla por tramos LU-P-0401, LU-P-0405, LU-P-0407, LU-P-0408 e LU-P-0409, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 223.741,56 €, dos cales 38.831,18 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2º.- Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: VILALBA- XERMADE.- Rehabilitación de firme LU-P-6513 “Vilalba (N-634A)- Momán- límite prov.” P.K. 0+000 a 1+600 e reposición de marcas viais, P.K. 1+600 a 17+315.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: VILALBA- XERMADE.- Rehabilitación de firme LU-P-6513 “Vilalba (N-634A)- Momán- límite prov.” P.K. 0+000 a 1+600 e reposición de marcas viais, P.K. 1+600 a 17+315, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada redactado por D. Héctor Diéguez Aranda.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7VE2QOH5H6KXF624XAIVCOME.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7VEWYNJRXSJHBLQVAUMJ2XBY.

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	18/48





4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7VEWYCJAWLJD756VPUAADE4A.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7VEXH2ZJZ4R2PN6BWAGFHCAA.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7VEHXI3IHL3PNI2H5W4F2HGQ.
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7VEHXC3UGCRBFL4ZQROULD6A.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: VILALBA- XERMADE.- Rehabilitación de firme LU-P-6513 "Vilalba (N-634A)- Momán- límite prov." P.K. 0+000 a 1+600 e reposición de marcas viais, P.K. 1+600 a 17+315, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 231.101,18 €, dos cales 40.108,47 € corresponden ao IVE (21%)."

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS RELATIVAS Á TRAMITACIÓN DE CONVENIOS CON ENTIDADES E CONCELLOS.

Proposta relativa á aprobación, se procede, da modificación do convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	19/48



entidade Asociación de vecinos Valle de Lemos Santiago Apostol, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Adquisición de estrutura metálica-toldo (carpa), mobiliario y vajilla" na anualidade 2024, (aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 20 de decembro de 2024).

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, no que literalmente se establece:

"En relación ao asunto de referencia (EXP. 2025/PES_03/001982) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítase o seguinte informe:

Antecedentes de feito.

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 20 de decembro de 2024, acordou aprobar a seguinte proposta:

"1. Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 23.948,28€, a favor da entidade Asociación de vecinos Valle de Lemos Santiago Apostol, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación "Adquisición de estrutura metálica-toldo (carpa), mobiliario y vajilla", subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2024 para esta liña (Anexo I).

2. Aprobar o gasto de 23.948,28 € con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2024, a favor da entidade Asociación de Vecinos Valle De Lemos Santiago Apostol, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación "Adquisición de estrutura metálica-toldo (carpa), mobiliario y vajilla".

3. Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención (...)"


Segundo.- O convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola deputación provincial de lugo á entidade Asoc Vecinos Valle de Lemos Santiago Apostol, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Adquisición de estrutura metálica-toldo (carpa), mobiliario y vajilla" na anualidade 2024 formalizouse o 26 de decembro de 2024.

Terceiro.- O representante da Asoc Vecinos Valle de Lemos Santiago Apostol remitiu, o 03 de febreiro de 2025 escrito no que literalmente se establece o seguinte:

"(...)

Solicito.

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	20/48





A modificación do Convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Asociación vecinos Valle de Lemos Santiago Apostol, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Adquisición de estrutura metálica-toldo (carpa), mobiliario y vajilla” na anualidade 2024, (aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 20 de decembro de 2024) e formalizado o 26 de decembro de 2024 para incorporar a posibilidade de percibir o anticipo, con dispensa de garantía, do 50% do importe da subvención concedida, dado que que esta entidade presenta notorias dificultades de carácter económico para poder realizar a actuación obxecto da subvención doutro xeito.”

Consideracións xurídico- administrativas.

Primeira.- No convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola deputación provincial de lugo á entidade Asociación Vecinos Valle de Lemos Santiago Apostol, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Adquisición de estrutura metálica-toldo (carpa), mobiliario y vajilla” na anualidade 2024, formalizado o 26 de decembro de 2024 establece:

Na cláusula Décimo cuarta.- Vixencia do Convenio.

“A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2024, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa finalización- será o 31 de xaneiro de 2026, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2025, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.

O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban á beneficiaria, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente”.


Na cláusula Décimo quinta.- Modificación do convenio.

“O convenio poderá modificarse por mutuo acordo das partes sempre que non se alteren as condicións esenciais do documento inicial e o convenio estea vixente.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”

Segunda.- En canto ao órgano competente para aprobar a addenda ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	21/48



de Lugo á entidade Asociación de Vecinos Valle de Lemos Santiago Apostol, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Adquisición de estrutura metálica-toldo (carpa), mobiliario y vajilla” na anualidade 2024 formalizado o 26 de decembro de 2024 é a Xunta de Goberno.

Conclusións.

En base ao anteriormente exposto, tendo en conta que o convenio está vixente, que se prevé a súa modificación, que media a vontade das partes e que a modificación do mesmo non altera as condicións esenciais do documento infórmase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a modificación do convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola deputación provincial de Lugo á entidade Asociación de Vecinos Valle de Lemos Santiago Apostol, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Adquisición de estrutura metálica-toldo (carpa), mobiliario y vajilla” na anualidade 2024 formalizado o 26 de decembro de 2024, para incluír unha cláusula adicional - anticipo- nos termos da addenda que se incorpora ao expediente.”

Por todo o anteriormente exposto, e tendo en conta que consta informe favorable de Intervención, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Modificar o convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Asociación de Vecinos Valle de Lemos Santiago Apostol, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Adquisición de estrutura metálica-toldo (carpa), mobiliario y vajilla” na anualidade 2024 formalizado o 26 de decembro de 2024 nos termos da addenda cuxo contido é o seguinte:


Addenda ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Asociación de Vecinos Valle de Lemos Santiago Apostol, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Adquisición de estrutura metálica-toldo (carpa), mobiliario y vajilla” na anualidade 2024.

Interveñen.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

E doutra parte, don Pedro Rey Pérez con DNI XX271XXXX, na súa condición de representante legal, actúa en nome e representación da entidade Asociación de Vecinos Valle de Lemos Santiago Apostol, en adiante beneficiaria, con NIF G13941653 e con sede social en rúa Valle de Lemos Bl-B, 1ºB, 27400 - Monforte de Lemos (Lugo),

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	22/48





con acreditación suficiente para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado a tal efecto.

Actúa don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes:

Manifestan.

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 20 de decembro de 2024, acordou aprobar a seguinte proposta:

"1. Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 23.948,28€, a favor da entidade Asociación de Vecinos Valle de Lemos Santiago Apostol, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación "Adquisición de estrutura metálica-toldo (carpa), mobiliario y vajilla", subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2024 para esta liña (Anexo I).

2. Aprobar o gasto de 23.948,28€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2024, a favor da entidade Asociación de Vecinos Valle de Lemos Santiago Apostol, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación "Adquisición de estrutura metálica-toldo (carpa), mobiliario y vajilla".

3. Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención (...)"

Segundo.- O convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola deputación provincial de lugo á entidade Asociación de Vecinos Valle de Lemos Santiago Apostol, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Adquisición de estrutura metálica-toldo (carpa), mobiliario y vajilla" na anualidade 2024 formalizouse o 26 de decembro de 2024.

Terceiro.- O representante da Asociación de Vecinos Valle de Lemos Santiago Apostol remitiu, o 03 de febreiro de 2025 escrito no que literalmente se establece o seguinte:

"(...)

Solicito.

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	23/48



A modificación do Convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Asociación de vecinos Valle de Lemos Santiago Apostol, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Adquisición de estrutura metálica-toldo (carpa), mobiliario y vajilla” na anualidade 2024, (aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 20 de decembro de 2024) e formalizado o 26 de decembro de 2024 para incorporar a posibilidade de percibir o anticipo, con dispensa de garantía, do 50% do importe da subvención concedida, dado que que esta entidade presenta notorias dificultades de carácter económico para poder realizar a actuación obxecto da subvención doutro xeito.”

Por todo o manifestado, ambas partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar, en nome das entidades que neste acto se representan, esta addenda ao convenio con arranxo ás seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- As partes acordan incorporar una cláusula adicional segunda – anticipo- ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Asociación de Vecinos Valle de Lemos Santiago Apostol, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Adquisición de estrutura metálica-toldo (carpa), mobiliario y vajilla” na anualidade 2024 formalizado o 26 de decembro de 2024 que quedaría redactada no seguinte senso:

“Segunda.- Anticipo.

A Deputación Provincial de Lugo poderá realizar un aboamento anticipado de ata o 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 11.974,14 €, con dispensa de garantía, tendo en conta a solicitude da Entidade beneficiaria que obra no expediente.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 34.4, establece que poderán realizarse pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

De acordo coa base 24ª.8 das Bases de Execución do Orzamento vixente, poderán realizarse anticipos a conta de subvencións superiores ou iguais a un importe de 3.000,00€, con dispensa de garantía, naquelas circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actividade doutro xeito.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarias cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia un convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Para o aboamento do devandito anticipo a Entidade beneficiaria deberá achegar a seguinte documentación:

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	24/48





Solicitud do anticipo.

Documento bancario no que se indique o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a solicitude achegada.

Detalle do nivel de execución do gasto, indicativo da fase na que se atopa a realización da actuación subvencionada, que deberá ser acreditado mediante a achega de facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil ou con eficacia administrativa.

O centro xestor deberá adxuntar, á documentación remitida pola entidade beneficiaria, copia do Anexo I da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

O aboamento do anticipo, unha vez aprobado o mesmo, será efectuado mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.”

Segunda.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta addenda, permanecerán invariables.

Ambas partes, acordan incorporar ao convenio, suscrito con data 26 de decembro de 2024, esta addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan a presente addenda do que como Secretario dou fe.”


A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO AO CENTRO DE OPERACIÓNS DE CIBERSEGURIDADE PARA ENTIDADES LOCAIS (COCS-EELL) DA SECRETARÍA XERAL DE ADMINISTRACIÓN DIXITAL.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“*Antecedentes.*

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	25/48



Primeiro.- No contexto actual no que a vida cotidiana e a economía se volven máis dependentes das tecnoloxías dixitais, os cidadáns están cada vez máis expostos a incidentes cibernéticos graves. Neste sentido, a seguridade futura depende da mellora da capacidade de protexer á cidadanía contra as ciberameazas e dispoñer duns sistemas dixitais seguros e fiables.

Segundo.- A Comisión Europea traballa desde principios de 2010 na definición das estratexias e regulamentos que permitan avanzar no ámbito da protección dos activos no ciberespazo, tanto nas organizacións como nas persoas usuarias e insta á Administración Pública a xogar un rol protagonista na promoción da ciberseguridade como elemento crucial para coordinar a actual fragmentación de esforzos e capacidades.

Como primeiro paso, e para orientar as reflexións futuras, a Comisión Europea pon en marcha unha fase piloto no marco do Horizonte 2020 co fin de axudar a reunir aos centros nacionais nunha rede e así dar un novo impulso en materia de competencia en ciberseguridade e desenvolvemento tecnolóxico. Así, en setembro de 2018, o Parlamento e o Consello Europeo presentan unha proposta para establecer o Centro Europeo de Competencia Industrial, Tecnolóxica e de Investigación en Ciberseguridade, a Rede de Centros Nacionais de Coordinación e as Comunidades de Competencias en Ciberseguridade, que contribuirán á misión do Centro Europeo de Competencia, co obxectivo de facer fronte aos crecentes desafíos en materia de ciberseguridade, para fomentar un ecosistema cibernético fiable, seguro e aberto. Ao abeiro destas directrices, a Xunta de Galicia, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), puxo en marcha no ano 2020 o nodo CIBER.gal, fundado e integrado na súa orixe polas 4 deputacións de Galicia, AMTEGA, FEGAMP, CCN e INCIBE, para así garantir unha contorna dixital segura e afrontar de maneira colaborativa os retos aos que se deben enfrontar cidadáns, empresas e administracións para protexer os seus activos no ciberespazo, implicando ao conxunto de Administracións Públicas do territorio galego nesta materia.

Terceiro.- Por outra banda, a finais do ano 2024, O ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática e o Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública asinaron un acordo para reforzar a Ciberseguridade no Marco da Transformación Dixital e Modernización das Entidades Locais do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – *Next Generation EU* por un importe de 70 millóns de euros, materializado no despregue pola Secretaría Xeral de Administración Dixital (SGAD) dun Centro de Operacións de CiberSeguridade (COCS) para entidaes locais cunha poboación inferior aos 50.000 habitantes. O obxectivo é reforzar e complementar os instrumentos e ferramentas de ciberseguridade da citadas entidades locais de menos de 50.000 habitantes no senso de:

Contar co asesoramento e participación do CCN-CERT e un Encargo a Medio Propio de apoio á SGAD e require a coordinación e implicación das Deputacións Provinciais e equivalentes como interlocutores principais da SGAD na súa implementación nas entidades.

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	26/48





Permitir mellorar o nivel de madurez de ciberseguridade global das Entidades Locais, potenciando as capacidades de detección de ciberameazas, para activar de maneira temprana os mecanismos de defensa de xeito colectivo.

Cuarto.- A Deputación de Lugo considera oportuna e necesaria a adhesión ao Centro de Operacións de CiberSeguridade para Entidades Locais (COCS-EELL) posto que a ciberseguridade é unha das súas prioridades, tendo en conta o papel de relevancia que está acadando na actualidade e que acadará no futuro próximo, nun escenario onde as relacións da administración cos cidadáns se realizan, cada vez máis, a través de vías telemáticas, sendo imprescindible xerar confianza con contornas e sistemas seguros e fiables. Deste xeito, a adhesión ao COCS-EELL representa unha declaración de intencións desta Deputación para posicionarse á vangarda da ciberseguridade, coa finalidade de coordinar e capilarizar as actuacións e cometidos do centro aos concellos da provincia e aos seus cidadáns, creando conciencia e axudando a dar pasos a todos os axentes da provincia na protección dos seus activos dixitais. A Deputación de Lugo entende a importancia e beneficios que o COCS-EELL pode aportar ás entidades locais da provincia cunha poboación menor de 50.000 habitantes, e comprométese a colaborar co equipo do COCS-EELL para favorecer a implantación dos diferentes servizos.

Quinto.- Esta adhesión non comporta obrigas económicas para as partes asinantes e non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto do mesmo e os asinantes do acordo.


Proposta.

Á vista do anteriormente sinalado e considerando as circunstancias expostas, propónse á Xunta de Goberno adoptar o seguinte acordo:

Aprobar a adhesión da Deputación de Lugo ao Centro e Operacións de CiberSeguridade para Entidades Locais (COCS-EELL) da Secretaría Xeral de Administración Dixital, iniciando as actuacións administrativas que sexan precisas para formalizar dita adhesión.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	27/48



8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA AMPLIACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DE USO DOS HORTOS URBANOS DO PARQUE DO RATO CONCEDIDAS NA 4ª FASE.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Con data de 9 de xullo de 2020 publicouse no BOP de Lugo nº 156 o Regulamento das hortas urbanas ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo co obxectivo de aportar unha normativa sobre o uso e as autorizacións de uso dos hortos urbanos xestionados actualmente polo Servizo de Medio Ambiente da Deputación Provincial de Lugo.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada en data de 16 de setembro de 2022, aprobou a Convocatoria de concesión de autorización de uso dos hortos urbanos do Parque do Río Rato (4ª Fase) e as cláusulas reitoras do procedemento de concesión.


No Boletín Oficial da Provincia de Lugo, número 221, de data de 26 de setembro de 2022, publicouse este procedemento de autorización de uso dos hortos urbanos do Parque do Río Rato (4ª Fase), mediante concorrencia pública.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada en data de 27 de xaneiro de 2023, aprobou outorgar as correspondentes autorizacións de uso dos hortos urbanos do Parque do Río Rato, incluídos nesta 4ª Fase, celebrándose o acto público de sinatura de autorizacións, e dando comezo as mesmas o día 10 de febreiro do mesmo ano.

A vista das solicitudes presentadas polas persoas interesadas, usuarias dos hortos urbanos do Parque do Rato, que foron adxudicatarias de autorizacións da 4ª Fase, na que solicitan a ampliación das autorizacións concedidas ata o día 10 de febreiro de 2025 e que a continuación se indican (12 solicitudes):

Nº Horto	Nome	Apelidos	EXPEDIENTE
10	NATALIA	RODRÍGUEZ REGUERA	2025/PES_03/000839
33	LUÍS	VÁZQUEZ LIZ	2025/PES_03/000947
64	LUÍS	GUDE SÁNCHEZ	2025/PES_03/001742
73	ASOCIACIÓN	VILÚ	2025/PES_03/001447
77	ADACE LUGO		2025/PES_03/000861
90	NOELIA	RODRÍGUEZ RUÍZ	2025/PES_03/001447
92	MARIA PILAR	COEDO JATO	2025/PES_03/000807
127	ROSA	RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	2025/PES_03/000869
131	CARMEN	MORADO FERNÁNDEZ	2025/PES_03/000823
144	ANXO XOSÉ	GARCÍA DOPICO	2024/PES_03/021414
147	PILAR	PRADO CASTRO	2025/PES_03/000820
148	CRISTINA	GÓMEZ RODRÍGUEZ	2025/PES_03/001170

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	28/48





Vistos os informes emitidos polo servizo de Medio Ambiente, en data de 4 de febreiro de 2025, con CSV: IV7VEKAJBDR4VOXPRVXEP5ZWJ4, favorable a acordar a prórroga das autorizacións concedidas por un prazo de dous (2) anos, ata o 9 de febreiro de 2027, sen que esta ampliación exceda do máximo período de duración dunha autorización (4 anos).

En base ao establecido no Regulamento das hortas urbanas ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo, no seu apartado XI. Órganos competentes que dí:

“Punto 32. En materia relativa á adxudicación dos hortos ou demais acordos que se poidan acadar, o órgano competente será sempre a Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial de Lugo”


Proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- A ampliación das Autorización de uso dun horto urbano no Parque do Rato concedidas na 4ª Fase, aos interesados que así o solicitaron, e que se relacionan a continuación, por un período adicional de 2 anos, ata o día 9 de febreiro de 2027;

Nº Horto	Nome	Apelidos	EXPEDIENTE
10	NATALIA	RODRÍGUEZ REGUERA	2025/PES_03/000839
33	LUÍS	VÁZQUEZ LIZ	2025/PES_03/000947
64	LUÍS	GUDE SÁNCHEZ	2025/PES_03/001742
73	ASOCIACIÓN	VILÚ	2025/PES_03/001447
77	ADACE LUGO		2025/PES_03/000861
90	NOELIA	RODRÍGUEZ RUÍZ	2025/PES_03/001447
92	MARIA PILAR	COEDO JATO	2025/PES_03/000807
127	ROSA	RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	2025/PES_03/000869
131	CARMEN	MORADO FERNÁNDEZ	2025/PES_03/000823
144	ANXO XOSÉ	GARCÍA DOPICO	2024/PES_03/021414
147	PILAR	PRADO CASTRO	2025/PES_03/000820
148	CRISTINA	GÓMEZ RODRÍGUEZ	2025/PES_03/001170

2º.- A ampliación da Autorización de uso atopase en todo caso condicionada ao mantemento dos condicionantes establecidos no Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excm. Deputación provincial de Lugo (BOP nº 156, de 9 de xullo de 2020) e aos establecidos na convocatoria de autorizacións (4ª Fase), manténdose inalteradas as obrigas das partes. Isto implica que a Deputación de Lugo poderá revocar unilateralmente a autorización concedida por razóns de interese público ou

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	29/48



polo incumprimento dos condicionantes establecidos no Regulamento que rexe o funcionamento dos hortos.

3º.- Notificar aos interesados indicados no punto primeiro, o outorgamento da ampliación da Autorización de uso dos hortos que teñen concedida, nos termos anteriormente propostos, indicando que, salvo renuncia expresa no prazo de un mes, aceptan a ampliación cos condicionantes incluídos no presente acordo, nas bases da convocatoria e no Regulamento das hortas urbanas ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROGRAMA MÓVETE, 2025.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“1º.- Visto o informe do servizo de Cultura onde se dí- entre outras cousas que: “(...)A Cultura, nas súas diversas manifestacións é considerada unha actividade de especial interese público e social, en cuxa conservación, protección, defensa e promoción están concernidos todos os poderes públicos.


Dentro da Constitución Española de 1978, no seu Preámbulo, proclámase a vontade de protexer aos pobos de España no exercicio das súas culturas, tradicións, linguas e institucións e de promover o progreso da cultura para asegurar unha calidade de vida digna.

De igual xeito, no artigo 3.3, da C.E. sinálase que a riqueza das distintas modalidades lingüísticas é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

Os artigos 9.2, 44.1, 46 e 48 da Carta Magna conteñen mandatos dirixidos aos poderes públicos para facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social; promover e tutelar o acceso á cultura á que todos teñen dereito; garantir a conservación e promoción do enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade, ademais de sinalar que lle corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas e remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude co obxecto de facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

Polo que se refire ao réxime de distribución das competencias, dentro da organización Territorial do Estado, o artigo 148.1 da CE recoñece o dereito das

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	30/48





comunidades autónomas para asumir competencias en materia de patrimonio monumental do seu interese e tamén en materia de fomento da cultura. Así, o artigo 149.2 da CE aclara que, sen prexuízo das competencias que poidan asumir as Comunidades Autónomas, o Estado considerará o servizo da cultura como deber e atribución esencial.


En coherencia co anteriormente sinalado, Galicia, no artigo 27.18 do seu Estatuto de Autonomía, asumiu a competencia exclusiva en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico e arqueolóxico de interese de Galicia, sen prexuízo do que dispón o artigo 149.1.28 da Constitución; arquivos, bibliotecas e museos de interese para a Comunidade Autónoma e que non sexan de titularidade estatal; conservatorios de música e servizos de belas artes de interese para a Comunidade Autónoma. De feito, de conformidade co disposto no artigo 32 do Estatuto de Autonomía de Galicia, correspóndelle á Comunidade Autónoma a defensa e a promoción dos valores culturais do pobo galego, en consonancia co establecido no propio preámbulo da Constitución Española onde se proclama a vontade de protexer aos pobos de España no exercicio das súas culturas, tradicións, linguas e institucións, e promover o progreso da cultura para asegurar unha digna calidade de vida.

Asemade, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción).

Ao amparo do marco constitucional e estatutario (artigos 27.18 e 32) e, dentro da lexislación sectorial, a Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia sinala que é o seu obxecto a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, de xeito que serva á cidadanía como unha ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sostible e fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións futuras.

É xustamente a idea de valor a que determina a definición legal de ben cultural. O valor como contido de resonancia, non só emocional ou sentimental, senón directamente vinculado ao devir histórico do pobo galego na súa caracterización

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	31/48



pasada e na súa aposta de futuro, sobre a base material e inmaterial do que xa é e no horizonte do que quere ser no campo da civilización, entendida como concerto das culturas e tradicións. O estudo, a protección, a conservación, o acrecentamento, a difusión e o fomento do patrimonio cultural son pedra angular do exercicio da dignidade colectiva e, por tanto, plásmanse como o primeiro mandato legal, que non debe ser visto como limitación restritiva, senón como participación de toda a sociedade no coidado do que ela mesma creou e ao que ela mesma pertencelle. O patrimonio cultural concíbese, pois, como fundamento de cohesión social e desenvolvemento sustentable. Neste sentido, a ponderación e integración da protección do patrimonio nas demais políticas sectoriais e a aposta pola colaboración interadministrativa e a participación cidadá están presentes ao longo de todo o articulado, a través dos principios xerais, dos dereitos e obrigacións da cidadanía, da información pública, do acceso aos bens máis destacados e do recoñecemento da libre iniciativa. Dentro deste espírito, inspira a lei o principio de subsidiariedade, que consagra técnicas descentralizadoras mediante a habilitación dos concellos nas tarefas de control preventivo en diversos ámbitos e esferas, que atopan o seu fundamento na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Isto permite achegar a Administración á cidadanía mediante o empoderamento dos entes máis próximos a esta. A tradicional centralización da xestión pública do patrimonio non contribúe ao sentimento de proximidade e identificación da cidadanía co legado cultural, que dalgunha maneira pertencelle como expresión da identidade colectiva na que se insere.

A Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia sinala no seu articulado (artigos 1, 2, 3, 8 e 9) que o seu obxecto é a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia de forma que sirva á cidadanía como unha ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sostenible e fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións vindeiras; que o patrimonio cultural de Galicia está constituído polos bens mobles, inmoables, as manifestacións inmateriales que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo. De igual xeito, integran o patrimonio cultural de Galicia todos aqueles bens ou manifestacións inmateriais de interese para Galicia nos que concorra algún dos valores sinalados.

Máis polo miúdo, no artigo 3.2.a, sinalase que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural, considerando no artigo 9.3 que a estes efectos tamén se consideran bens do patrimonio cultural inmaterial os usos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas, xunto cos instrumentos, obxectos, artefactos e espazos culturais que lles son inherentes, que as comunidades, os grupos e, nalgúns casos os individuos reconozcan como parte integrante do seu patrimonio cultural, en particular:

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	32/48





A lingua, as tradicións e expresións orais, as artes do espectáculo, en especial a danza e a música, as representacións, os xogos, os usos sociais, rituais, ceremonias e actos festivos, entre outros.

Con base en todo o sinalado, o servizo de Cultura da Deputación de Lugo pretende poñer en marcha o Programa Móvete, 2025.

Móvete, 2025 é unha iniciativa cultural, de carácter itinerante e integradora dentro do ámbito territorial provincial que pretende xerar sinerxias para o desenvolvemento económico, para a promoción da industria cultural, e para fomentar a integración e o benestar social ao permitir o acceso ás manifestacións culturais por parte da cidadanía, a través dunha descentralización das actividades de lecer.


Con este novo Programa Móvete 2025, o servizo de Cultura pretende cubrir- con programación propia en pechado- un amplo abano de actividades culturais que lle permitan ter presenza en eventos e celebracións de especial significado para o mundo cultural galego e, dentro do ámbito territorial provincial.

A necesidade das actividades a materializar virá determinada por todas aquelas manifestacións da industria cultural que mellor se acomoden á materialización do Plan de programación cultural propio deseñado polo Servizo de Cultura da Deputación de Lugo, a través do deseño dunha ampla programación.

O servizo de Cultura consciente da estrutura e capacidade dos concellos fai unha aposta forte polos municipios rurais da nosa provincia, afastados das ofertas culturais do medio urbano. Ademáis, a especial distribución territorial dos núcleos de poboación- en unidades territoriais dispersas- fai que os seus moradores teñan un acceso limitado ás actividades de carácter cultural e de lecer; circunstancias éstas que están tamén vencelladas a outra moi singular como é a da dispersión poboacional da nosa provincia na que dominan os pequenos núcleos poboacionais dispersos que comprometen e dificultan o acceso a unha programación cultural variada para o conxunto de moradores dun hábitat con pirámides demográficas regresivas por mor da atomización do crecemento demográfico actual.

Conscientes da realidade social, cultural, territorial e xeográfica, o Servizo de Cultura da Deputación de Lugo, formula o desenvolvemento de actividades de participación festiva colectiva que podan ofrecer alternativas educacionais e culturais, tanto no ámbito rural coma no urbano co obxecto de intentar xerar un proxecto comunitario, colaborativo e participativo, que sexa capaz de poñer en valor a cultura, a lingua galega, a creatividade, a ilusión e a ensoñación do colectivo social a través de

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	33/48



actividades musicais, recreativas, artísticas e culturais como pilares fundamentais para construír unha relación interveciñal e intercomunitaria activas. Con este tipo de programacións, de maneira natural, estímúlase o sentido de identificación e pertenza individual e colectiva pola súa xeración de sinerxias de interacción co entorno social, permitindo igualmente que, as comunidades e os individuos accedan a variadas programacións que, normalmente, non atopan no seu propio medio xeográfico. Polo tanto, a cultura pasa a ser un fundamento de cohesión social e desenvolvemento sustentable.

Con este tipo de iniciativas de natureza cultural non só pretende levar e espallar o lecer a todos os recunchos da provincia, senon que tamén se potencian os elementos de cohesión social e territorial que permiten loitar contra os atrancos do acceso á cultura e a tradición cultural: democracia cultural.

Dentro deste Programa Móvete, 2025 poderán formar parte calquera manifestación de programación propia en pechado, organizada polo Servizo de Cultura e, cuxo obxecto sexa o apoio a lingua, as tradicións, as expresións orais, as artes do espectáculo, en especial a danza e a música, as representacións, os xogos, os usos sociais, os rituais, os cerimoniais e demáis actos festivos, así como calquera outra manifestación do legado material e inmaterial galego que permita protexer, valorizar, fomentar, conservar e transmitir a idiosincrasia da identidade cultural do pobo galego, calquera que sexa o seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, etnográfico, antropolóxico, industrial, científico, técnico, documental ou bibliográfico.

A oferta cultural deste Programa Móvete, 2025 estará integrada por todo tipo de actividades de natureza cultural e artística: actividades musicais infantís, monicreques, actividades circenses, obradoiros infantís, maxia, danza, actuacións musicais de natureza folk, pop-rock, clásica, electrónica, tradicional (non acústica)-, charangas; a realización de murais e de grafitis didácticos e/ou conmemorativos, a promoción das artes escénicas en xeral, as exposicións artísticas en particular (con e/ou sen itinerancia e con/ou sen parladoiros), os xogos, etc....

Neste Programa Móvete, 2025, a Deputación de Lugo (servizo de Cultura) asumirá o 100% do caché de cada actividade e, o período de execución do mesmo será dende a súa aprobación e ata o 31 de decembro de 2025 (incluídas as actividades de Nadal).

Estas actividades propias de carácter pechado poderán realizarse en espazos interiores ou exteriores dentro do ámbito xeográfico lucense, sendo os obxectivos a acadar- entre outros- os seguintes:

Incentivar a produción e o consumo cultural.
Apoiar e dar visibilidade as actividades e iniciativas culturais que protexan, difundan e conserven o patrimonio cultural de Galicia.

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	34/48





Servir como instrumento para o fomento da sociedade do benestar nunha provincia de forte atomización demográfica e de poboamento diseminado, achegando o coñecemento da cultura tradicional a toda a veciñanza da provincia.

Facer destas manifestacións un estímulo para a integración, a conservación, a promoción e difusión do patrimonio cultural galego, así como da súa lingua.

Remover os obstáculos que dificultan a chegada de programación cultural ao medio rural da provincia.

Contribuír ao desenvolvemento económico, social e cultural preservando a tradición, promovendo a participación, a integración social e a reactivización da actividade económica cultural.

Promover a participación e a integración social a través da descentralización das manifestacións culturais propias.

Complementar a programación cultural e artística a que ten acceso a veciñanza, dentro do ámbito territorial e de actuación da Deputación de Lugo (a provincia de Lugo): democracia cultural e descentralización das actividades lúdico-culturais.

De igual xeito, esta programación pechada e integrada no Plan Cultural do servizo de Cultura materializarase - en cada caso- de acordo co procedemento legalmente establecido e segundo corresponda. O orzamento total para a súa implementación e posta en marcha será de 700.000,00 euros, desglosados do seguinte xeito:


Para o pago das actividades a materializar dentro deste Programa Móvete, 2025: 633.500,00 €
Pago de dereitos de propiedade intelectual (dereitos de autor): 66.500,00 €

* Na distribución das actuacións, o Servizo de Cultura prestará especial fincapé á creación e ao impulso de sinerxias entre concellos veciños; á difusión das programacións deste Programa a todos os recunchos da xeografía provincial, á distribución o máis equilibrada posible en atención aos núcleos de poboación, a distribución da poboación e ás potenciais necesidades e demandas do colectivo demográfico lucense.

Con este tipo de iniciativas de programación propia en pechado, o servizo de Cultura aposta pola necesidade de innovar, incrementar o movemento económico das industrias culturais, fomentar a protección e conservación do patrimonio cultural, así como polo fomento da actividade social como mecanismo de integración e de benestar social para a nosa poboación, atendendo sempre ás necesidades detectadas no territorio provincial.

As obrigas/ compromisos das partes:

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	35/48



1.- Consideracións a ter en conta para as contratacións deste Programa Móvete, 2025.

a) Presentar documentación acreditativa de estar dados de alta no IAE, nunha actividade, acorde coa prestación a desenvolver.

b) Responsabilizarse do cumprimento da normativa legal e hixiénico-sanitaria (se fose o caso) vixente en cada momento para a organización e realización deste tipo de actividades ata o mesmo momento da finalización da actividade, eximíndose a Deputación de Lugo de calquera responsabilidade derivada deste aspecto.

c) Realizar as actuacións nos lugares, días e horas establecidos pola Deputación de Lugo (Servizo de Cultura).

d) A de lle expediren á Deputación a/as factura/as correspondentes ao 100% do custe das actividades culturais contratadas e, sempre que se acredite a realización satisfactoria das mesmas.

e) As actuacións materializadas serán en galego (agás actuacións a contratar que sexan de fóra da Comunidade Autónoma) pero, sendo tamén a lingua galega a empregada na publicidade que se faga das mesmas. Así mesmo, na difusión das actuacións, calquera que sexa o medio, terá que indicarse - obrigatoriedade- que éstas actividades forman parte do Programa Móvete, 2025 organizado pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo - Servizo de Cultura-.

f) As persoas físicas e/ou xurídicas contratadas terán que contar cos seguros pertinentes para a realización das actuacións. A Deputación queda exenta de calquera responsabilidade derivada deste programa, do cumprimento dos protocolos de seguridade - de acordo coa normativa vixente-para a realización deste tipo de actividades e tamén de aquelas outras derivadas das situacións que se poidan producir non só durante os ensaios (se fose o caso), a propia actuación, senón tamén durante o desprazamento -previo e posterior ás actuacións-.

g) Non poderán participar neste Programa Móvete, 2025 os grupos onde todos os seus integrantes sexan menores de idade. Cando nos grupos participantes neste Programa existisen membros integrantes menores de idade deberá facerse cargo da súa seguridade a persoa responsable do grupo contratado, quedando a Deputación de Lugo eximida de calquera responsabilidade derivada da participación de menores dentro deste Programa.


h) Aboar - se fose o caso- os gastos a terceiros que a súa actuación poida xerar (transporte, seguros, equipos para a actuación e material, gastos de persoal, impostos, seguridade social, e calquera outro gasto que puidera derivarse).

i) Declarar que son coñecedores de que esta programación puidera- en ocasións- estar suxeita ao pago de tarifas de dereitos de propiedade intelectual (dereitos de autor), ben a entidades de xestión de dereitos da propiedade intelectual autorizadas polo Ministerio de Cultura, ou ben a outras entidades; datos dos que teremos que informar correctamente á Unidade xestora do Programa.

k) Para o caso de actuacións / traballo habitual con menores é obrigatoria a presentación dun Certificado de Delitos de Natureza Sexual de acordo co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996 de Protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de axuízamento Civil e do artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.

m) Presentar un historial da persoa física e/ou xurídica a contratar e unha memoria detallada da actividade cultural/ou actividades culturais, se fose o caso.

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	36/48





2.- Consideracións a ter en conta por parte da Deputación de Lugo (servizo de Cultura).

- a) Aboar o 100% do caché das actividades do Programa Móvete, 2025 e, sempre que se acredite a realización da actividade de forma satisfactoria.
- b) Solucionar canto inconviniente puidera xurdir para o desenvolvemento do programa.
- c) Decidir e distribuír o cronograma espacial e temporal das actividades derivadas deste Programa Móvete, 2025.
- d) Cantas outras situacións se deriven do contido estrito deste Programa.
- e) Para resolver calquera dúbida ou imprevisto, deberá poñerse en contacto co Servizo de Cultura, por calquera destes medios de comunicación (...)"

2º.- Visto que existe consignación orzamentaria para desenvolver o Programa Móvete, 2025.

3º.- Resultando que, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción).

Por todo o dito, a Deputada delegada de Cultura propón- se procede- que pola Xunta de Goberno- se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o Programa Móvete 2025, por importe de 700.000,00 €, desglosados do seguinte xeito:


Para asumir o caché das actividades/ actuacións do Programa: 633.500,00 €
Para asumir o pago -se fose o caso- dos dereitos de propiedade intelectual (dereitos de autor): 66.500,00 €."

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROGRAMA TRADIGALU, 2025.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	37/48



“1º.- Visto o informe do servizo de Cultura onde se dí- entre outras cousas: “ (...) A Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia sinala no seu articulado (artigos 1, 2, 3, 8 e 9) que o seu obxecto é a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia de forma que sirva á cidadanía como unha ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sostenible e fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións vindeiras; que o patrimonio cultural de Galicia está constituído polos bens mobles, inmobles, as manifestacións inmateriales que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo. De igual xeito, integran o patrimonio cultural de Galicia todos aqueles bens ou manifestacións inmateriais de interese para Galicia nos que concorra algún dos valores sinalados.

Máis polo miúdo, no artigo 3.2.a, sinalase que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural, considerando no artigo 9.3 que a estes efectos tamén se consideran bens do patrimonio cultural inmaterial os usos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas, xunto cos instrumentos, obxectos, artefactos e espazos culturais que lles son inherentes, que as comunidades, os grupos e, nalgúns casos os individuos reconozcan como parte integrante do seu patrimonio cultural, en particular:

A lingua, as tradicións e expresións orais, as artes do espectáculo, en especial a danza e a música, as representacións, os xogos, os usos sociais, rituais, ceremonias e actos festivos, entre outros.

Con base en todo o sinalado, o servizo de Cultura da Deputación de Lugo pretende poñer en marcha un Programa de conservación, promoción e difusión da riqueza musical, aproveitando a división comarcal da provincia de Lugo: Tradigalu.

O programa Tradigalu encadrase dentro do plan de programación propia do servizo de Cultura co obxecto de:

Promover o conservación, a promoción e a difusión da riqueza musical


Incentivar o consumo cultural

Fomentar o desenvolvemento económico das industrias culturais nunha época de crise ao impulsar a creación do emprego e ser un revulsivo das estruturas económicas.

Apoiar e dar visibilidade á tradición e ao recordo como mecanismo de cohesión social

Servir como instrumento para o fomento da sociedade do benestar nunha provincia de forte atomización demográfica e de poboamento diseminado, achegando a riqueza cultural musical a todas as comarcas da provincia de Lugo.

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	38/48





Facer das manifestacións festivas da nosa tradición: foliadas, polavilas, festivais, magostos, solsticios, etc..., en reunións sociais que promoven sinerxias que as converte nun estímulo para a integración, a conservación, a promoción e difusión do patrimonio cultural galego, así como da súa lingua.

Remover os obstáculos que dificultan a chegada de programación cultural ao medio rural da provincia.

Converter as manifestacións culturais de natureza musical nunha actividade de especial interese público e social, en cuxa conservación, protección, defensa e promoción se comprometen os poderes públicos locais.

Contribuir ao desenvolvemento económico, social e cultural preservando a tradición e promovendo a participación e a integración social e maila reactivización da actividade económica cultural.

Potenciar a memoria material e inmaterial coa difusión do traballo dos grupos musicais e asociacións, coma un medio máis que axude a súa consolidación activa coma axentes dinamizadores da nosa tradición cultural.

Complementar a programación artística que por parte dos concellos e demais entidades ou axentes culturais se ven desenvolvendo, dentro do ámbito territorial e de actuación da Deputación de Lugo.

Tradigalu nace coma unha liña programática propia centrada no mundo das artes musicais representadas por grupos corais, bandas de música e grupos de música tradicional, cuxa execución se materializará dende a súa aprobación e ata 31 de decembro de 2025 (incluídas as actividades de Nadal).


De igual xeito, este programa materializarase – en cada caso- de acordo co procedemento legalmente establecido e segundo corresponda, sendo o orzamento total para a súa materialización será de 350.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3380.22609 e, desglosados do seguinte xeito:

Para asumir o caché das actuacións musicais: 330.000,00 €

Para asumir o pago (se fose o caso) dos dereitos de propiedade intelectual: 20.000,00 €

Tradigalu é unha iniciativa de carácter itinerante e integradora dentro do ámbito territorial comarcal provincial; pensada para complementar e/ou espallar a programación cultural de natureza musical ás 13 comarcas da provincia de Lugo, xerando sinerxias para o desenvolvemento económico, para a promoción musico-cultural e para fomentar a integración e o benestar social ao permitir o acceso á cultural musical de toda a cidadanía.

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	39/48



A Lei 7/1996, de 10 de xuño, de desenvolvemento comarcal, concibe a comarca como unha figura da estrutura territorial descentralizada, adaptada á dispersión do hábitat, a fin de acercar á poboación os servizos que a sociedade moderna demanda; un plan onde poboación e territorio deixaron de ser elementos pasivos para converterse en factores activos do seu propio desenvolvemento.

Por esa razón Tradigalu ten previsto implementar unha programación de natureza musical na que participarán grupos corais, grupos de música tradicional e bandas de música radicadas na provincia de Lugo e cuxas actuacións percorreren o territorio das 13 comarcas da Provincia. A este respecto, as actuacións de grupos musicais participantes neste Programa despregaranse polas seguintes comarcas:

Comarca de Lugo, integrada polos concellos de Rábade, Friol, Outeiro de Rei, Lugo, Castroverde, Guntín, O Corgo e Portomarín.

Comarca de A Mariña Oriental, integrada polos concellos de Barreiros, Ribadeo, Trabada e A Pontenova.

Comarca da Mariña Central, integrada polos concellos de Burela, Foz, O Valadouro, Alfoz, Mondoñedo e Lourenzá.

Comarca da Mariña Occidental integrada polos concellos de O Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo e Oulol.

Comarca da Terra Cha, integrada polos concellos de Begonte, Castro de Rei, Cospeito, A Pastoriza, Abadín, Muras, Vilalba, Xermade e Guitiriz.

Comarca de Meira, integrada polos concellos de Riotorto, Meira, Ribeira de Piquín e Pol.

Comarca de A Fonsagrada, integrada polos concellos de Baleira, Negueira de Muñíz e A Fonsagrada.

Comarca de Sarria, integrada polos concellos de Lán cara, O Páramo, Sarria, Triacastela, Samos, Paradela e O Incio.

Comarca de Os Ancares, integrada polos concellos de Navia de Suarna, Baralla, Becerreá, Cervantes, As Nogais e Pedrafita do Cebreiro.

Comarca de Quiroga, integrada polos concellos de Folgoso do Courel, Quiroga e Ribas de Sil).

Comarca de Terras de Lemos, integrada polos concellos de O Saviñao, Bóveda, A Pobra de Brollón, Monforte de Lemos, Pantón e Sober.

Comarca de A Ulloa, integrada polos concellos de Palas de Rei, Monterroso e Antas de Ulla.

Comarca de Chantada, integrada polos concellos de Taboada, Chantada e Carballedo.

* Na distribución das actuacións, o Servizo de Cultura prestará especial fincapé á creación e ao impulso de sinerxias entre comarcas veciñas; especial atención á conservación e fomento das manifestacións festivas da nosa tradición: foliadas, polavilas, festivais, magostos, solsticios, etc...; a complementar a programación artística dos concellos, das asociacións culturais e demais axentes culturais do territorio provincial; á difusión das programacións culturais a todos os recunchos do medio rural e á promoción e difusión dos produtos culturais locais do noso país co

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	40/48





obxecto de fomentar a creación de públicos culturais e facilitar o acceso á tradición cultural galega.

* As actuacións poderanse celebrar en todo o territorio da provincia de Lugo, buscando unha distribución o máis equilibrada posible en atención aos núcleos de poboación, a organización comarcal da mesma, a distribución da poboación e á necesidade de implementación de actividade cultural musical nun escenario de posible recesión económica. Por esta razón, o servizo de Cultura aposta pola necesidade de innovar, incrementar a rentabilidade das industrias culturais, fomentar a protección e conservación do patrimonio cultural e polo fomento da actividade social como mecanismo de integración e de benestar social para a nosa poboación, atendendo ás necesidades e demandas dos clientes culturais do noso territorio provincial.


* O número máximo de actuacións que poderá realizar cada agrupación non poderá superar o importe do contrato menor. En canto ao réxime dos contratos menores, estarase ao disposto polo marco normativo establecido nos artigos 29.8, 118 e 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público. Igualmente, cando unha asociación teña diferentes grupos musicais integrados no seu colectivo o límite máximo da participación neste Programa dos diferentes grupos musicais pertencentes a unha mesma Asociación será – no seu conxunto- o límite do contrato menor.

* Na localización da actividade poderase solicitar a colaboración de concellos e demais entidades ou axentes culturais para facilitar un escenario acaído, unha boa difusión e/ou un apoio material puntual, de ser preciso. As actuacións poderán ser a pé de rúa ou en escenario.

* Non poderán participar grupos onde todos os seus integrantes sexan menores de idade. Cando nos grupos participantes neste Programa existisen membros menores de idade deberá facerse cargo da súa seguridade a persoa responsable do grupo de música, quedando a Deputación de Lugo eximida de calquera responsabilidade derivada da participación de menores dentro dos grupos musicais que se presenten a este Programa.

* Do mesmo xeito, en caso de existir integrantes menores de idade deberase asinar unha declaración responsable pola que se fará cargo da súa seguridade e demais responsabilidades derivadas a persoa responsable do grupo de música, banda ou coral participante neste Programa.

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	41/48



* Nesta anualidade 2025, a Deputación de Lugo (servizo de Cultura) non asumirá o 100% do custo das actividades deste programa, senón que a Deputación de Lugo (servizo de Cultura) asumirá/aboará o 80% do total do custo da actividade concedida aos grupos participantes neste Programa e, en todo caso, sempre que se acredite a realización da actividade. O 20% restante do custe da actividade deberá ser asumido polo interesado da actividade, responsabilizándose de facerllo efectivo ao grupo actuante. No caso de que houberse algún incumprimento de carácter económico por parte do interesado, a Deputación só se fará cargo do pago do 80% da aportación económica comprometida.

* Os cachés das actuacións para os grupos actuantes deste Programa serán os seguintes:

BANDAS DE MÚSICA	
Bandas entre 10 e 15 participantes:	850 €
Bandas entre 16 e 24 participantes:	1100 €
Bandas entre 25 e 39 participantes:	1.500 €
Bandas entre 40 e 50 participantes:	2.000 €
Bandas de máis de 50 participantes:	2.500 €
GRUPOS DE MÚSICA TRADICIONAL:	
Grupos de música tradicional con menos de 10 participantes:	750 €
Grupos de musica tradicional entre 10 y 20 participantes:	900 €
Grupos de música tradicional con máis de 20 participantes:	1.100 €
CORAIS:	
Corais entre 10 e 20 participantes:	900 €
Corais con máis de 20 participantes:	1.100 €

O servizo de Cultura establece que, tendo en conta os cachés das diferentes tipoloxías musicais referenciados, os interesados deberán asumir obrigatoriamente o pago do 20% do custo da actuación programada, representando para os interesados a seguinte contía en función da tipoloxía da actuación:

BANDAS DE MÚSICA:	
170 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 10 e 15 participantes que van actuar neste Programa.	
220 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 16 e 24 participantes que van actuar neste Programa.	
300 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 25 e 39 participantes que van actuar neste Programa.	
400 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 40 e 50 participantes que van actuar neste Programa.	
500 euros no pago das actuacións de bandas de música con máis de 50 participantes que van actuar neste Programa.	

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	42/48





GRUPOS DE MÚSICA TRADICIONAL:

150 euros no pago das actuacións de grupos de música tradicional con menos de 10 participantes que van actuar neste Programa.
 180 euros no pago das actuacións de grupos de música tradicional entre 10 e 20 participantes que van actuar neste Programa.
 220 euros no pago das actuacións de grupos de música tradicional con máis de 20 participantes que van actuar neste Programa.

CORAIS:

180 euros no pago das actuacións de corais entre 10 e 20 participantes que van actuar neste Programa.
 220 euros no pago das actuacións de corais con máis de 20 participantes que van actuar neste Programa.

O resto do caché, é dicir, o 80% do custo restante das actuacións correrá a cargo da Deputación de Lugo (Servizo de Cultura). Neste senso, os grupos actuantes deberán facturar á Deputación de Lugo, o 80% do custo total da actividade musical; é dicir:

BANDAS DE MÚSICA:

680 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 10 e 15 participantes que van actuar neste Programa.
 880 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 16 e 24 participantes que van actuar neste Programa.
 1200 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 25 e 39 participantes que van actuar neste Programa.
 1600 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 40 e 50 participantes que van actuar neste Programa.
 2.000 euros no pago das actuacións de bandas de música con máis de 50 participantes que van actuar neste Programa.

GRUPOS DE MÚSICA TRADICIONAL:

600 euros no pago das actuacións de grupos de música tradicional con menos de 10 participantes que van actuar neste Programa.
 720 euros no pago das actuacións de grupos de música tradicional entre 10 e 20 participantes que van actuar neste Programa.
 880 euros no pago das actuacións de grupos de música tradicional con máis de 20 participantes que van actuar neste Programa.

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	43/48



CORAIS:


720 euros no pago das actuacións de corais entre 10 e 20 participantes que van actuar neste Programa.
880 euros no pago das actuacións de corais con máis de 20 participantes que van actuar neste Programa.

*** Obrigas/ compromisos das partes:**

1.- Os grupos musicais participantes neste Programa deberán:

- a) Presentar documentación acreditativa de estar dados de alta no IAE, nunha actividade, acorde coa prestación a desenvolver.
- b) Responsabilizarse do cumprimento da normativa legal e hixiénico-sanitaria (se fose o caso) vixente en cada momento para a organización e realización deste tipo de actividades ata o mesmo momento da finalización da actuación concedida, eximíndose a Deputación de Lugo de calquera responsabilidade derivada deste aspecto.
- c) Actuar, obrigatoriamente, co mesmo número de participantes contratados e de acordo ao custe da actividade que corresponda en cada caso.
- d) Realizar as actuacións nos lugares, días e horas sinalados pola Deputación de Lugo (servizo de Cultura).
- e) Expedir as facturas legais correspondentes ao 80% do custe das actuacións realizadas e contratadas á Deputación de Lugo (servizo de Cultura) e, con cargo á entidade interesada no Programa (para a que actúan) o 20% restante do custe total da actividade realizada, sempre que se acredite a realización satisfactoria da mesma.
- f) Utilizar o idioma galego nas presentacións das actuacións.
- g) As actuacións dos grupos participantes neste Programa terán unha duración máxima dunha hora e media (90 minutos), podendo levarse a cabo nun único pase ou, pola contra, en dous pases de 45 minutos cada un.
- h) Os grupos terán que contar cos seguros pertinentes para a realización das actuacións. A Deputación queda exenta de calquera responsabilidade derivada deste programa, do cumprimento dos protocolos de seguridade para a realización deste tipo de actividades e tamén de aquelas outras derivadas das situacións que se poidan producir non só durante os ensaios (se fose o caso), a propia actuación, senón tamén durante o desprazamento -previo e posterior ás actuacións- por parte dos grupos participantes neste programa.
- i) Non poderán participar grupos onde todos os seus componentes sexan menores de idade. Se en algún dos grupos participantes neste Programa existisen membros menores de idade deberá facerse cargo da súa seguridade a persoa responsable do grupo de música, quedando a Deputación de Lugo eximida de calquera responsabilidade derivada da participación de menores dentro dos grupos musicais que formen parte deste Programa
- j) Aboar- se fose o caso- os gastos a terceiros que a súa actuación poida xerar (transporte, seguros, equipos para a actuación e material, gastos de persoal, impostos, seguridade social, e calquer outro gasto que puidese derivarse.

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	44/48





k) Achegar, de ser preciso, todo o equipamento técnico necesario para poder levar a cabo a actuación (instrumentos, equipos de son...).

l) Declarar que son coñecedores de que esta programación de música de carácter tradicional puidera- en ocasións- estar suxeita ao pago de tarifas de dereitos de propiedade intelectual (dereitos de autor), ben a entidades de xestión de dereitos da propiedade intelectual autorizadas polo Ministerio de Cultura, ou ben a outras entidades; datos dos que teremos que informar correctamente á Unidade xestora do Programa.

m) Para o caso de actuacións/ traballo habitual con menores é obrigatorio a presentación dun Certificado de Delitos de Natureza Sexual de acordo co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996 de Protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de axuizamento Civil e do artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.

2.- Os interesados das actividades deberán:

a) Aboar a parte correspondente do caché do grupo que actúe (20% do custo total da actuación realizada). A Deputación reservarase o dereito de requirir, se é o caso, a presentación dos documentos que xustifiquen o pagamento da porcentaxe correspondente que lles deban efectuar os interesados neste Programa (20% do custe total da actividade) aos grupos actuantes deste Programa (coros, bandas de música e grupos de música tradicional) pola realización das súas actuacións. No caso de que algún grupo actuante comunique ao centro xestor do Programa que o solicitante non realizou o 20% deste pagamento que se establece no obxecto do Programa, a Deputación de Lugo - servizo de Cultura- reservase o dereito de considerar non programar- con este interesado- actividades na vindeira anualidade.

b) Aceptar e asumir todas as obrigas e condicións establecidas no Programa.

c) Expedirle ao grupo musical actuante unha acreditación da materialización satisfactoria da actuación efectuada.

d) Non se poderá facer ningunha modificación na actuación (data/hora/lugar ou grupo asignado) sen autorización expresa da Deputación, polo que se xurde calquera tipo de inconvinte deberán poñerse en contacto co servizo de Cultura:

Teléfonos de contacto: 982 260059/ 982 260919

e-mail: cultura@deputacionlugo.gal

e) En ningún caso os interesados das actuacións elixirán ao Grupo de Música (banda/coral/grupo de música tradicional) actuante.

f) Verlar polo correcto desenvolvemento da actividade concedida, responsabilizándose do cumprimento da normativa legal que sexa de aplicación para este tipo de actividades e/ da hixiénico- sanitaria vixente (se fose o caso), eximíndose a Deputación de Lugo (servizo de Cultura) de calquera responsabilidade derivada deste aspecto.

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	45/48



g) Incluir na cartellaría anunciante da actividade o logotipo da Área de Cultura da Deputación de Lugo.

3.- A Deputación de Lugo (servizo de Cultura) deberá:

a) Aboar unicamente a porcentaxe do 80% da/das actuación/óns ao grupo ou grupos participantes neste programa e, en todo caso, sempre que se acredite a realización da actuación de forma satisfactoria. No caso de que, por parte do interesado da actividade- houberse algún incumprimento económico, a Deputación- en ningún caso- aboará o 100% do custe da actividade realizada.

b) Solucionar canto inconviniente puidera xurdir para o desenvolvemento do programa (...)"

c) Decidir e distribuír o cronograma espacial e temporal das actuacións de acordo coa fundamentación do Programa.

d) Cantas outras situacións se deriven do contido estrito deste Programa.

2º.- Visto que existe consignación orzamentaria para desenvolver o Programa Tradigalu, 2025.

3º.- Resultando que, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción).

Por todo o dito, a Deputada delegada de Cultura propón- se procede- que pola Xunta de Goberno- se adopte o seguinte acordo:


Aprobar o programa Tradigalu, 2025 tendo en conta as características xa sinaladas, por importe total de 350.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3380.22609 e, desglosados do seguinte xeito:

Para asumir o caché das actuacións musicais: 330.000,00 €

Para asumir o pago (se fose o caso) dos dereitos de propiedade intelectual: 20.000,00 €"

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	46/48





11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL, NA ANUALIDADE 2024.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 9 de decembro de 2024, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 290, do 17 de decembro de 2024, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2024; e vistas as renuncias presentadas polos beneficiarios que se indican a continuación, así como os informes do Servizo de Cultura, e a proposta da Sra. Deputada Delegada de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aceptar as renuncias presentadas polos beneficiarios que a continuación se relacionan polos importes que así mesmo se indican:

ENTIDADE	SUBVENCIÓN
APA DEL C.P. ANTONIO INSUA BERMUDEZ	913,00
ASOC DE PERSONAS SORDAS DE LUGO (ASORLU)	585,00
ASOC GUILLERM VEIGA IGLESIAS	958,00
APA CENTROS DOCENTES DA FONSAGRADA	928,00
ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL REDE ALDEAR	928,00


12.- COMPARECENCIA NO PROCEDIMIENTO ABREVIADO Nº 19/2025-P.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co Decreto remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, no Procedemento Abreviado 0000019/2025-P polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade, o expediente do recurso de Procedemento Abreviado nº 0000019/2025-P seguido a instancia de Dna. Ana María Trastoy Fernández fronte á desestimación por silencio administrativo da reclamación patrimonial interposta en data 18-07-2024 polos danos ocasionados no vehículo matrícula 0594HYC cando circulaba pola estrada LU-P 6502 e á altura do km 6,26 pasou sobre unha fochanca profunda existente na calzada.

Visto o anterior, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	47/48



1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso- administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, pola unidade administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

14.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

	IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Fecha y Hora	12/02/2025 13:53:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VGYDOHUWL4SPNSIVXGYXGEI	Página	48/48

